



**RESOLUCIÓN POLA QUE SE LLES REDUCEN, AOS GRD QUE O SOLICITARON, FONDOS DA MEDIDA 431 DO PROGRAMA LEADER-GALICIA 2007-2013 CO FIN DE PODER TRASPASÁRILLELOS ÁS MEDIDAS DAS SÚAS ESTRATEXIAS.**

O 27 de decembro de 2013 publicouse no DOG a Resolución do 20 de decembro de 2013 do director xeral de Agader pola que se aprobou o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013 para os anos 2013-2015 e se modificaron as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento de entidades colaboradoras na xestión do programa Leader.

Para darlle efectividade ao novo marco financeiro do citado programa Leader, o 30 de decembro de 2013 o director xeral de Agader resolveu aprobar os novos cadros financeiros dos GDR, o que supuxo a aplicación dos novos fondos a cada GDR e, polo tanto, unha modificación dos seus respectivos cadros financeiros.

Os cadros financeiros aprobados pola resolución de 30 de decembro de 2013 do director xeral incluían os gastos correspondentes á medida 431 mediante a emisión de documentos contables A (PG) plurianuais 2014-2015 individualizados por cada GDR. Os ditos créditos autorizados para cada GDR foron comprometéndose para as medidas 431A (gastos de funcionamento do GDR) e 431B (Gastos de adquisición de capacidades e promoción territorial) mediante a expedición de documentos contables D (PA).

O apartado 12 da epígrafe VII (financiamento dos programas de desenvolvemento rural) do apéndice I (bases reguladoras) da citada resolución do 20 de decembro de 2013 do director xeral de Agader sinala que *nos meses previos ao final de 2015, o exceso de fondos asignados á medida 431 que non se comprometeran, por non causaren os GDR dereito á súa percepción de acordo cos criterios anteriores, sumaranse aos fondos vinculados ao desenvolvemento da estratexia de cada GDR, ou ben distribuiranse entre outros GDR no suposto de que un GDR determinado non teña proxectos para executar nas medidas da estratexia.*

Debido á proximidade do remate do programa Leader Galicia 2007-2013, a obriga de executar eficientemente os fondos do citado programa, de xeito que repercuta na maior medida posible no apoio a proxectos produtivos, e mais as solicitudes de diversos GDR de traspasar fondos que teñen asignados na medida 431 para as medidas 411, 412 e 413, correspondentes ás estratexias deses GDR, considérase conveniente tramitar a correspondente modificación orzamentaria desde a aplicación 12-A1-712A-7810 /proxecto 2014-00006 (conta orzamentaria 01.01-01/43/10-7810), correspondentes á medida 431, á aplicación 12-A1-712A-7700 (empresas) /proxecto 2014-00005 (conta orzamentaria 01.01-01/41/00-656701), correspondentes ás medidas 411, 412 e 413.

En canto á modificación dos cadros financeiros dos GDR, o apartado 13 da epígrafe VII. (financiamento dos programas de desenvolvemento rural), do apéndice I (bases reguladoras)

da citada Resolución do 20 de decembro de 2013, sinala: *Os cadros financeiros asignados a cada GDR poderán sufrir modificacións como consecuencia, entre outras circunstancias, de modificacións no orzamento do PDR, de reprogramacións ou da distribución de fondos entre GDR.*

Por outra parte, a variación dos cadros financeiros dos GDR non esixe ningunha tramitación específica para modificar os convenios asinados entre Agader e os GDR, posto que a cláusula décimo quinta destes sinala: *(...) cando o orzamento asignado para a execución do programa de desenvolvemento rural varíe como consecuencia de modificacións no orzamento do PDR, da reprogramación solicitada polo GDR e aceptada por Agader, da distribución da reserva de eficacia, do ritmo de execución do citado programa, da redistribución de fondos entre programas dos GDR, do incumprimento da regra n+2 e doutras obrigas, así como noutros casos similares, os cadros financeiros sinalados no anexo II deste convenio entenderanse modificados sen necesidade de tramitación específica.*

*Ademais, as modificacións normativas e calquera variación do territorio de actuación aprobada por Agader comportará a modificación deste convenio sen necesidade de tramitación específica.*

Por último, o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 11 de xullo de 2013, que se publicou mediante a resolución do 24 de xullo de 2013, da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (DOG nº 148, do 5 de agosto), delegou na persoa titular da Dirección Xeral de Agader o *exercicio das funcións vinculadas á execución dos programas de desenvolvemento rural Leader+, Proder II e Agader, ou outros da mesma natureza promovidos por entidades similares aos actuais grupos de acción local, tales como a aplicación, modificación (...) de fondos, liquidación e peche, (...).*

Tendo en conta o exposto e mais a memoria xustificativa do 30 de setembro de 2015 do subdirector de Relacións cos GDR,

RESOLVO:

Primeiro. Detraer, aos GDR que se indican, os seguintes fondos da medida 431 do programa Leader-Galicia 2007-2013, coa finalidade de que se tramite a modificación orzamentaria que permita traspasárllelos ás medidas 411, 412 e 413:

GDR	Importe da redución da medida 431
1 Asociación de desenvolvemento da comarca da Mariña	28.079,35 €



2 Asociación de desenvolvemento comarcal da Terra Cha	67.700,34 €
4 Asociación Terras de Lugo	12.173,96 €
6 Asociación Os sete Castros	30.220,99 €
7 Asociación Miño Ulla	30.220,99 €
8 Ribeira Sacra	6.813,59 €
11 Asociación para o desenvolvemento rural Sil Bibeí Navea	18.145,11 €
14 A Limia	18.220,99 €
18 Asociación MAIV Baixo Miño	39.063,12€
21 Salnés	8.220,99 €
23 Ulla Tambre Mandeo	22.510,94 €
24 Asociación Terras de Compostela	25.220,99 €
25 Asociación de desenvolvemento local Deloa	20.220,99 €
26 Asociación Costa da Morte	20.699,06 €
27 Asociación para o desenvolvemento da comarca de Bergantiños	6.424,12 €
28 Asociación de desenvolvemento da comarca de Ordes	21.823,62 €

Segundo. Esta resolución notificaráselles aos grupos de desenvolvemento rural e publicarase na páxina web de Agader.

Esta resolución pon fin a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o director xeral de Agader, no prazo dun mes, ou recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo, no prazo de dous meses. Estes prazos computaranse desde o día seguinte ao da recepción da notificación desta resolución.

Santiago de Compostela, a 5 de outubro de 2015

O director xeral de Agader

(Por delegación do 11/07/2013. DOG nº 148, do 5/08/2013)



Antonio Crespo Iglesias